



## **FEDERACION GALEGA DE PATINAXE**

Na Coruña, a 20 de febreiro de 2008, réunese o Comité de Apelación da Federación Galega de Patinaxe, para coñecer e resolver o Recurso interposto polo club Hockey Club Liceo fronte á Resolución nº 75/07-08 do Comité de Competición e Disciplina Deportiva da Federación Galega de Patinaxe.

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- O H.C. Liceo comunicou á Secretaría da Federación Galega de Patinaxe a decisión de retirar ao seu equipo "B" de categoría feminina da competición da Liga Autonómica de Hockey sobre Patíns, tras haberse disputado tres xornadas da competición.

SEGUNDO.- Na súa resolución nº 75/07-08, de 30 de xaneiro de 2008, o Comité de Competición e Disciplina Deportiva da Federación Galega de Patinaxe resolveu anular todos os resultados dos encontros en que interveu o equipo retirado, sancionar ao H.C. Liceo con multa de 120 euros e imporlle ao mesmo club o pago dos dereitos de arbitraje dos tres encontros disputados dos gastos de desprazamento á Coruña dos seus rivais.

TERCEIRO.- Fronte a devandita resolución interpón recurso o club Hockey Club Liceo.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I.- Alega o club recorrente que a retirada da competición veu motivada pola propia solicitude de baixa de 7 xogadoras do equipo, que deixou ao equipo cun número de efectivos insuficiente para participar na competición, non sendo xa que logo unha decisión unilateral do club senón provocada por esas baixas, acompañando ao recurso escrito presentado ante o club, solicitando a baixa, polos pais das xogadoras. Solicita, en definitiva, a anulación da sanción de multa de 120 euros.



Avda. de Glasgow, 13  
Complejo Deportivo Elviña  
Teléfono: 981.130.994- Fax: 981.134.183  
15008 ? A Coruña  
www.fgpatinaje.com  
E-mail: info@fgpatinaje.com

## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

II.- O artigo 48 do Regulamento de Réxime Xurídico-Disciplinario da Federación Galega de Patinaxe sanciona a retirada dun club no curso dunha competición sen limitar o tipo infractor á retirada froito dunha decisión unilateral do club nin excluír a responsabilidade disciplinaria no caso de que a retirada sexa atribuíble aos xogadores ou os seus pais. A infracción perfecciónase, xa que logo, coa mera retirada e, non concorrendo no presente suposto ningunha causa xeral de exclusión da responsabilidade disciplinaria, como puidese ser a forza maior, entendida como acontecemento alleo de imposible previsión ou evitación, procede confirmar a resolución impugnada, tendo en conta que a infracción apreciada non require a concorrencia de ningún elemento intencional ou volitivo no club infractor.

Polo exposto, este Comité de Apelación ACORDA:

**DESESTIMAR** o recurso interposto polo Hockey Club Liceo fronte á Resolución nº 75/07-08 do Comité de Competición e Disciplina Deportiva da Federación Galega de Patinaxe que se confirma na súa integridade.

Contra a presente resolución, de acordo co establecido no artigo 94 do Regulamento de Réxime Xurídico-Disciplinario da Federación Galega de Patinaxe, cabe interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia, dentro do prazo de quince días hábiles.

Fdo.- **Angel Monteagudo**  
Secretario do Comité de Apelación



## **FEDERACION GALEGA DE PATINAXE**

En La Coruña, a 20 de febrero de 2008, se reúne el Comité de Apelación de la Federación Gallega de Patinaje, para conocer y resolver el Recurso interpuesto por el club Hockey Club Liceo frente a la Resolución nº 75/07-08 del Comité de Competición y Disciplina Deportiva de la Federación Gallega de Patinaje.

### **ANTECEDENTES DE HECHO**

PRIMERO.- El H.C. Liceo comunicó a la Secretaría de la Federación Gallega de Patinaje la decisión de retirar a su equipo "B" de categoría femenina de la competición de la Liga Autonómica de Hockey sobre Patines, tras haberse disputado tres jornadas de la competición.

SEGUNDO.- En su resolución nº 75/07-08, de 30 de enero de 2008, el Comité de Competición y Disciplina Deportiva de la Federación Gallega de Patinaje resolvió anular todos los resultados de los encuentros en que intervino el equipo retirado, sancionar al H.C. Liceo con multa de 120 euros e imponerle al mismo club el pago de los derechos de arbitraje de los tres encuentros disputados de los gastos de desplazamiento a La Coruña de sus rivales.

TERCERO.- Frente a dicha resolución interpone recurso el club Hockey Club Liceo.

### **FUNDAMENTOS DE DERECHO**

I.- Alega el club recurrente que la retirada de la competición vino motivada por la propia solicitud de baja de 7 jugadoras del equipo, que dejó al equipo con un número de efectivos insuficiente para participar en la competición, no siendo por tanto una decisión unilateral del club sino provocada por esas bajas, acompañando al recurso escrito presentado ante el club, solicitando la baja, por los padres de las jugadoras. Solicita, en definitiva, la anulación de la sanción de multa de 120 euros.



Avda. de Glasgow, 13  
Complejo Deportivo Elviña  
Teléfono: 981.130.994- Fax: 981.134.183  
15008 – A Coruña  
www.fgpatinaje.com  
E-mail: info@fgpatinaje.com

## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

II.- El artículo 48 del Reglamento de Régimen Jurídico-Disciplinario de la Federación Gallega de Patinaje sanciona la retirada de un club en el curso de una competición sin limitar el tipo infractor a la retirada fruto de una decisión unilateral del club ni excluir la responsabilidad disciplinaria en el caso de que la retirada sea atribuible a los jugadores o sus padres. La infracción se perfecciona, por tanto, con la mera retirada y, no concurriendo en el presente supuesto ninguna causa general de exclusión de la responsabilidad disciplinaria, como pudiera ser la fuerza mayor, entendida como acontecimiento ajeno de imposible previsión o evitación, procede confirmar la resolución impugnada, toda vez que la infracción apreciada no requiere la concurrencia de ningún elemento intencional o volitivo en el club infractor.

Por lo expuesto, este Comité de Apelación ACUERDA:

**DESESTIMAR** el recurso interpuesto por el Hockey Club Liceo frente a la Resolución nº 75/07-08 del Comité de Competición y Disciplina Deportiva de la Federación Gallega de Patinaje que se confirma en su integridad.

Contra la presente resolución, de acuerdo con lo establecido en el artículo 94 del Reglamento de Régimen Jurídico-Disciplinario de la Federación Gallega de Patinaje, cabe interponer recurso ante el Comité Galego de Xustiza Deportiva de la Xunta de Galicia, dentro del plazo de quince días hábiles.

Fdo.- **Angel Monteagudo**

Secretario del Comité de Apelación